

ILLA DE CANS

[Wes Anderson, 2018]

370

ESTREA EN NUMAX: 20.04.2018 | V.O.S.E. | TP

Isle of Dogs (2018, 101')

Dirección: Wes Anderson

Guión: Wes Anderson (Historia: Wes Anderson, Roman Coppola, Kunichi Nomura, Jason Schwartzman)

Voces: Bryan Cranston, Koyu Rankin, Edward Norton, Bob Balaban, Bill Murray, Jeff Goldblum, Kunichi Nomura, Akira Takayama, Greta Gerwig, Frances McDormand

Son: Karolina Dziwinska

Montaxe: Edward Bursch, Ralph Foster, Andrew Weisblum

Vestuario: Susanne Morthorst Staal

Dirección de arte: Curt Enderle

Música: Alexandre Desplat

Produtoras: American Empirical Pictures, Indian Paintbrush, Scott Rudin Productions, Studio Babelsberg (EEUU)

Distribuidora: Fox

Formato de proxección: DCP2K, 2:35:1

Idioma orixinal: Inglés, xaponés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El gran hotel Budapest, 2014

Moonrise Kingdom, 2012

Fantástico Mr. Fox, 2009

Viaje a Darjeeling, 2007

Life Aquatic, 2004

Los Tenenbaums. Una familia de genios, 2001

Academia Rushmore, 1998

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2018 (Mellor dirección),

SXSW 2018 (Premio do público)

SINOPSE

Megasaki entrou en pánico, unha epidemia canina invadiu a cidade. O alcalde toma a decisión de evacuar a todos os cans e trasladalos a unha illa vertedoiro situada ás aforas. Chief, líder da manda canina, perdeu toda esperanza de volver cos seus donos até que un día aparece Atari Kobayashi, un neno da cidade que decidirá a toda costa buscar a súa querida mascota contra todo prognóstico.

«Unha delicada peza de humanismo animado con Miyazaki e Kurosawa como inspiración»

Luis Martínez, EL MUNDO



“A outra influencia ademais de Akira Kurosawa foi Hayao Miyazaki”

Entrevista con Wes Anderson, Jason Schwartzman, Roman Coppola e Kunichi Nomura, guionistas de *Illa de cans*

Por Nick James

Teño entendido que en orixe tiñades dúas idades, a historia dun can e o relato oral xaponés. É certo? Jason Schwartzman (JS):

O que máis admiro no traballo con Wes é que parte dun sentimento cara a algo, e logo inicia o proceso para capturalo e traballar con el. No arranque dixo, «Tiven esta idea: cans... lixo». Estana a describir a atmosfera do filme e dixo: «Hai algo sobre este lugar que quero entender: quen son estes cans?» Roman e eu sentimos o pracer de imaxinar e deducir o que Wes estaba a sentir e fomos á procura canda el. E si, houbo moitas versións ao comezo. Por exemplo, como chegaban a se xuntar?

É unha idea potente o feito de termos todos eses cans e que todos sexan líderes. Roman Coppola (RC): Tiñamos un escenario decrépito que incluía o lixo, un neno e cans. A idea dos cans-alfa veu case ao comezo. Xapón foi o catalizador que fixo arrancar o proxecto.

Cando foi importante para ti, Wes, pensar no Xapón? Wes Anderson

(WA): Non lembro ben, sei que o tiña anotado nun caderno e que fomos traballando a partir del. Lembro partir da primeira páxina na nosa primeira conversa, hai máis de catro anos, e xa estaban aí os elementos que comentas, mesmo os nomes dos cans estaban nesa primeira páxina.

Cans con enfermidades... WA:

Comezamos a traballar con esas enfermidades e bechos. Pulgas, carrachas, piollos, ratas, paxaros doentes. Aparecía nunha liña da primeira páxina. Tamén falamos arreo de cinema xaponés e iso axudou a facer despegar o proxecto. Nese intre pedínlle a Kunichi Nomura que se sumase. A Kun coñecino en 2003 na miña primeira viaxe a Xapón e somos amigos desde entón.

Daquela Kun, que che pareceu a idea cando cha propuxeron? Kunichi Nomura (KN):

Wes díxome que quería facer un filme ambientado en Xapón. E logo pedíume que lera o guión e preguntoume polos detalles, sobre os uniformes militares dos 60, as fábricas, os filmes da época...

WA: Pesquisando para unha historia coma esta hai moitas cousas nas que te podes inspirar. Hoxe en día encontrámolos simplemente buscando en google. Mais en Xapón non o podes facer axeitadamente se non tes o teclado apropiado e coñeces o idioma. Moi axiña Kun foi quen de encontrar cousas que para nós eran imposíbeis. Kun realmente dirixiu moitas das actuacións e traballou comigo mentres gravabamos con actores que falan en xaponés.

Cales foron as influencias cinematográficas que traballastes para situar un filme no Xapón do futuro. WA:

Realmente pensabamos nunha cidade do futuro dos 60, como se Kurosawa en 1962 fixese un filme futurista que arrancase cun: «Ano 2007, cidade de Megasaki». Así que decidimos situar o filme en 2007 pero como se fose feito en 1962, mais realmente ninguén entendeu de que estábamos a falar. (...) Os filmes de Kurosawa que máis comentamos foron *El infierno del odio* (1963), *El perro rabioso* (1949) e *Los canallas duerme en paz* (1960). Tamén empregamos música de *El ángel borracho* (1948), que é marabillosa e me lembraba a un filme de Visconti con Marcello Mastroiani titulado *Noches blancas* (1957). Este filme está ambientado en Venecia, nas canles, mais están contaminadas, cheas de lixo. *El ángel borracho* está completamente gravado en estudio e é unha sorte de ollada poética dunha cidade escura. Unha das primeiras cousas que escribín nas notas foi: «Mantén a poesía». Amais de Kurosawa outra influencia foi Hayao Miyazaki.

Como traballaches as voces dos personaxes. Actuaron en grupo para facilitar a interacción ou preferiches gravar por separado? WA:

Tiñamos un grupo con Bill Murray, Bryan Cranston, Edward Norton e Bob Balaban. Unha das primeiras cousas que fixemos foi gravar este grupo de líderes xuntos. Foi unha moi boa maneira de comezar.

Publicado en Sight&Sound. Abril 2018
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' O 400 golpes

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emociona dende o primeiro momento»
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

COOPERACIÓN: Nobuhiro Suwa (COOP) Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sampsy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade (COOP) Nobuhiro Suwa, PRODUCCIÓN: Figue en Mineur (E) JEAN-PIERRE LÉAUD (DIRECCIÓN DE ACTORES): Tom Harari (E) Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset (DIRECCIÓN DE ACTORES): Thomas Gréaud (DIRECCIÓN DE ACTORES): Inés De La Bevière (DIRECCIÓN DE ACTORES): Martial Salomon (DIRECCIÓN DE ACTORES): Olivier Margerit (DIRECCIÓN DE ACTORES): Michiko Yoshitake, Jérôme Dopfler (DIRECCIÓN DE ACTORES): Yuji Sadai (DIRECCIÓN DE ACTORES): Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée (DIRECCIÓN DE ACTORES): Région Provence-Alpes-Côte d'Azur, (DIRECCIÓN DE ACTORES): Département des Alpes-Maritimes (DIRECCIÓN DE ACTORES): CNC (DIRECCIÓN DE ACTORES): Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón (DIRECCIÓN DE ACTORES): FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End (DIRECCIÓN DE ACTORES): NUMAX Distribución

EUROPA CINEMAS CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME